

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e nove de decembro do ano dous mil catorce, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), don Plácido Álvarez Dobaño, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Montero Fernández e don Eladio Mangana Nóvoa, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Non asiste á sesión o deputado provincial don José Antonio Feijóo Alonso.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2014.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día dezanove de decembro de dous mil catorce, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2014.- Na sesión da Xunta de Goberno correspondente ó día 12 de decembro de 2014, acordouse aproba-lo recoñecemento extraxudicial de créditos.

Unha vez advertido erro material na data do abono n.º RR/1856/2009 (-6,41 €) de Roeirasa, SAU, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** corrixi-la referida data, xa que a debe figurar é **31.07.2009** no canto da que aparece por equivocación 31.12.2014.

3.- CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS, PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA, XURÍDICA E ADMINISTRATIVA NA XESTIÓN DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS NA COMARCA DE VALDEORRAS DURANTE O EXERCICIO 2015.- Unha vez visto o ditame favorable da comisión informativa de

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

agricultura e medio ambiente en relación co convenio marco referenciado no encabezamento, elaborado pola Secretaría Xeral desta Deputación, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a subscrición do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e o Consorcio de Augas de Valdeorras, para a prestación de asistencia técnica, xurídica e administrativa na xestión do servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais na Comarca de Valdeorras no exercicio 2015, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto do convenio.

Constitúe o obxecto deste convenio a regulación das condicións para a realización das seguintes prestacións a favor do Consorcio de Augas de Valdeorras:

A prestación, por parte da Deputación Provincial, de asistencia técnica, xurídica e administrativa ao Consorcio de Augas de Valdeorras para a xestión delegada do servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais.

Segunda.- Asistencia técnica, xurídica e administrativa da Deputación ao Consorcio de Augas de Valdeorras.

1. En virtude deste convenio, a Deputación Provincial de Ourense levará a cabo, a favor do Consorcio de Augas de Valdeorras, as seguintes prestacións:

- Programación e supervisión técnica do mantemento preventivo das infraestruturas de depuración de augas residuais xestionadas polo Consorcio.
- Mantemento correctivo das estacións de depuración de augas residuais xestionadas polo Consorcio.
- Asistencia técnica para a limpeza das fosas sépticas existentes no municipio e traslado dos lodos a unha planta de tratamento.
- Asistencia xurídica para a elaboración de ordenanzas e xestión dos expedientes relacionados co servizo, incluída a elaboración de ordenanzas fiscais e dos informes xurídicos e económicos precisos.
- Formación continua do persoal do Consorcio.
- Realización dos controis analíticos esixidos pola lexislación vixente na auga tratada nas infraestruturas de depuración.

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

- Xestión da contratación da subministración de fluído eléctrico para as infraestruturas de depuración.

2. As prestacións a que se obriga a Deputación en virtude deste convenio poderán ser realizadas por esta mediante calquera forma de xestión prevista na lexislación de réxime local.

3. Como contraprestación pola asistencia prestada, o Consorcio de Augas de Valdeorras aboaralle á Deputación Provincial, en concepto de prezo público, a cantidade de 613.798,88 € (IVE incluído).

O prezo público facturaráselle cuatrimestralmente pola Deputación ao Consorcio, mediante a aprobación e notificación da correspondente liquidación, dispoñendo o Consorcio dun prazo de trinta días naturais para efectuar o pagamento. Unha vez transcorrido o dito prazo, sen realizarse o pagamento da liquidación, a Deputación poderá exercer cantas accións legais ou administrativas lle correspondan para o cobro efectivo da cantidade adebedada, incluíndo a compensación da dita débeda cos créditos de que o Consorcio dispoña fronte á Deputación.

4. A prestación de asistencia pola Deputación non prexulga nin altera a competencia do Consorcio para a adopción de todos os actos administrativos que esixa a xestión do servizo, nin altera tampouco o modo de xestión, que continuará a ser a xestión directa polo propio Consorcio sen órgano especial de xestión ata que este réxime de prestación non sexa modificado polo Consorcio.

En consecuencia, a xestión do servizo continuará sendo de titularidade do Consorcio para todos os efectos, limitándose a Deputación Provincial a prestarlle asistencia á dita xestión consorcial, nos termos recollidos nesta cláusula.

Terceira.- Duración.

Este convenio terá unha vixencia dun ano, iniciando os seus efectos o 1 de xaneiro de 2015, e expirando o 31 de decembro de 2015, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga por mutuo acordo das partes.

Cuarta.- Modificación do convenio.

O convenio poderá ser obxecto de modificación, durante a súa vixencia, por acordo expreso entre as administracións asinantes.

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

En particular, procederá a modificación do convenio nos supostos en que se produzan modificacións substanciais no contido das prestacións, ben sexa por acordo entre as partes ou como resultado de modificacións normativas que afecten ás especificacións que deban cumprir os servizos prestados.

Quinta.- Resolución anticipada do convenio.

O convenio extinguirase polo transcurso do seu prazo de duración. Ademais, poderá ser obxecto de resolución anticipada por mutuo acordo entre as administracións implicadas.

O convenio poderá ser obxecto de resolución anticipada por decisión unilateral de calquera das administracións implicadas, con suxeición ás seguintes regras:

- A resolución do convenio deberá ser anunciada cunha antelación mínima de seis meses con respecto á data da súa efectividade. Non obstante, este prazo non será de aplicación, reducíndose a só tres meses cando a causa da resolución do convenio sexa o incumprimento de obrigas convencionais esenciais ou a produción dun desequilibrio económico – financeiro.

- Corresponderalle á Deputación Provincial a aprobación, con carácter executivo, da liquidación correspondente, na que se incluírán os danos e perdas causados pola resolución anticipada, e, se é o caso, os derivados de posibles incumprimentos do convenio.

Sexta.- Natureza e réxime xurídico. Xurisdición competente.

Este convenio ten o carácter de convenio de colaboración entre administracións públicas, ao abeiro do disposto no artigo 4.1 apartado c) do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, sendo o seu réxime xurídico o propio deste tipo de convenios segundo o disposto no artigo 4.2 da dita lei.

En todo caso, os actos administrativos ditados en execución ou interpretación deste convenio poderán ser impugnados polos interesados de conformidade co sistema de recursos establecido no ordenamento xurídico.

Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso - administrativa a resolución en vía xudicial dos conflitos que poidan xurdir na aplicación deste convenio.

Este convenio será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, para xeral coñecemento.

2º.- Ordenar a publicación deste convenio no BOP, unha vez subscrito polas partes, para xeral coñecemento.

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014
--

4.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS, PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA, XURÍDICA E ADMINISTRATIVA NA XESTIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO NO MUNICIPIO DO BARCO DE VALDEORRAS DURANTE O EXERCICIO 2015.

- Unha vez visto o ditame favorable da comisión informativa de agricultura e medio ambiente en relación co convenio marco referenciado no encabezamento, elaborado pola Secretaría Xeral desta Deputación, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Consorcio de Augas de Valdeorras para a prestación de asistencia técnica, xurídica e administrativa na xestión dos servizos de abastecemento de auga potable e saneamento no municipio do Barco de Valdeorras para o exercicio 2015, conforme coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto do convenio.

1. Constitúe o obxecto deste convenio a regulación das condicións para a prestación, por parte da Deputación Provincial, de asistencia técnica, xurídica e administrativa ao Consorcio de Augas de Valdeorras para a xestión delegada do servizo municipal de abastecemento de auga potable e saneamento no municipio do Barco de Valdeorras.

2. En virtude deste convenio, a Deputación Provincial de Ourense levará a cabo, a favor do Consorcio de Augas de Valdeorras, as seguintes prestacións:

- Programación e supervisión técnica do mantemento preventivo dos sistemas de almacenamento e regulación de auga potable (ETAP's e depósitos) da rede de distribución e dos elementos constitutivos de manobra, control e protección e da rede de saneamento.

- Mantemento correctivo dos sistemas de almacenamento e regulación de auga potable (ETAP's e depósitos) da rede de distribución e dos elementos constitutivos de manobra, control e protección e da rede de saneamento.

- Realización dos controis analíticos de calidade da auga abastecida e asistencia para o cumprimento das obrigas derivadas do Real decreto 140/2003.

- Asistencia para a lectura de contadores, elaboración de padróns de contribuíntes e preparación material da facturación das taxas de abastecemento e saneamento. Nesta prestación incluírase a asistencia para a elaboración dos padróns da taxa polo servizo de

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

recollida de residuos sólidos urbanos, ao estar actualmente unificados os recibos destes tributos neste municipio.

- Asistencia xurídica para a elaboración de ordenanzas e xestión dos expedientes relacionados cos servizos, incluída a elaboración de ordenanzas fiscais e dos informes xurídicos e económicos precisos.

- Limpeza ordinaria de depósitos.

- Formación continua do persoal do Consorcio.

- Xestión da contratación da subministración de enerxía eléctrica para as infraestruturas afectas ao servizo.

2. As prestacións a que se obriga a Deputación en virtude deste convenio poderán ser realizadas mediante calquera forma de xestión das previstas na lexislación de réxime local.

3. Como contraprestación pola asistencia prestada, o Consorcio de Augas de Valdeorras aboaralle á Deputación Provincial, en concepto de prezo público, a cantidade de 329.873,66 € anuais.

O prezo público facturarase cuatrimestralmente, mediante tres cotas anuais iguais, pola Deputación ao Consorcio, mediante a aprobación e notificación da correspondente liquidación, dispoñendo o Consorcio dun prazo de trinta días naturais para efectuar o pagamento. Unha vez transcorrido o dito prazo, sen realizarse o pagamento da liquidación, a Deputación poderá exercer cantas accións legais ou administrativas lle correspondan para o cobro efectivo da cantidade adebedada, incluíndo a compensación da dita débeda cos créditos de que o Consorcio dispoña fronte á Deputación.

4. A prestación de asistencia pola Deputación non prexulga nin altera a competencia do Consorcio para a adopción de todos os actos administrativos que esixa a xestión dos servizos, nin altera tampouco o modo de xestión, que continuará a ser a xestión directa polo propio Consorcio sen órgano especial de xestión ata que este réxime de prestación non sexa modificado polo Consorcio.

En consecuencia, a xestión do servizo continuará sendo de titularidade do Consorcio para todos os efectos, limitándose a Deputación Provincial a prestar asistencia á dita xestión consorcial, nos termos recollidos nesta cláusula.

Segunda.- Duración.

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

Este convenio terá unha vixencia dun ano, iniciando os seus efectos o 1 de xaneiro de 2015, e expirando o 31 de decembro de 2015, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga por mutuo acordo das partes.

Terceira.- Modificación do convenio.

O convenio poderá ser obxecto de modificación, durante a súa vixencia, por acordo expreso entre as administracións asinantes.

En particular, procederá a modificación do convenio nos supostos en que se produzan modificacións substanciais no contido das prestacións, ben sexa por acordo entre as partes ou como resultado de modificacións normativas que afecten ás especificacións técnicas que deban cumprir os servizos asistenciais prestados.

Cuarta.- Resolución anticipada do convenio.

O convenio extinguirase polo transcurso do seu prazo de duración. Ademais, poderá ser obxecto de resolución anticipada por mutuo acordo entre as administracións implicadas.

O convenio poderá ser obxecto de resolución anticipada por decisión unilateral de calquera das administracións implicadas, con suxeición ás seguintes regras:

- A resolución do convenio deberá ser anunciada cunha antelación mínima de seis meses con respecto á data da súa efectividade. Non obstante, este prazo non será de aplicación, reducíndose a só tres meses cando a causa da resolución do convenio sexa o incumprimento de obrigas convencionais esenciais ou a produción dun desequilibrio económico – financeiro.

- Corresponderalle á Deputación Provincial a aprobación, con carácter executivo, da liquidación correspondente, na que se incluírán os danos e perdas causados pola resolución anticipada, e, se é o caso, os derivados de posibles incumprimentos do convenio.

Quinta.- Natureza e réxime xurídico. Xurisdición competente.

Este convenio ten o carácter de convenio de colaboración entre administracións públicas, ao abeiro do disposto no artigo 4.1., apartado c) do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, sendo o seu réxime xurídico o propio deste tipo de convenios segundo o disposto no artigo 4.2 da dita lei.

En todo caso, os actos administrativos ditados en execución ou interpretación deste convenio poderán ser impugnados polos interesados de conformidade co sistema de recursos establecido no ordenamento xurídico.

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso - administrativa a resolución en vía xudicial dos conflitos que poidan xurdir na aplicación deste convenio.

Este convenio será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, para xeral coñecemento.

2º.- Ordenar a publicación deste convenio no BOP, unha vez subscrito polas partes, para xeral coñecemento.

5.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Trala unánime declaración da urxencia dos asuntos, por non figurar incluídos na orde do día, adóptanse os seguintes acordos:

5.a) MOCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE FIXACIÓN DE PREZOS DE PUBLICACIÓNS QUE EDITARÁ A DEPUTACIÓN PROVINCIAL.- Unha vez vista a proposta formulada pola xefa da Sección de Arquivo e Publicacións, para fixación de prezos de distintas publicacións da Deputación, considerando que a dita proposta se axusta ao establecido na ordenanza provincial reguladora de prezos públicos pola venda de publicacións editadas por esta Deputación, e, tras a unánime declaración da urxencia do asunto, por non figurar incluído na orde do día, a **Xunta de Goberno** (en virtude de delegación conferida por acordo do Pleno do 26 de novembro de 2010, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Fixa-los prezos de venda ao público das seguintes publicacións, polos importes que se indican:

1-De Juana López, J. [et al.] (coord.): *Galegos de Ourense*

Como esta publicación forma parte dunha colección, e o volume que xa está publicado ten un prezo de **18 € IVE incluído**, para este acórdase o mesmo prezo.

2-Feijóo, Fray Benito Jerónimo.: *Antología popular*

Custo total da publicación: (500 exemplares): 3.876,0072 € + Envío ás bibliotecas: 500 € = 4.676,0072 € : 500 libros = 8,75 unidade

Por redondear: **9 € (pvp IVE incluído)**

3-Soutelo Vázquez, R.: *Emigración, negocios e política na Galicia Rural: Coles 1887-1940*

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

Custo da publicación: (500 exemplares): 7.800 € +Envío ás bibliotecas: 500 € = 8.300€ :500 libros=16,6 unidade + Dereitos de autor:16,6 € x 50 libros= 830 €. Custo total: 8.300 € + 830€ =9.130 €:500 = 18,26 €

Por redondear: **18 € (pvp IVE incluído)**

4-Fumega, F. e Sobrado X.L.: *A electrificación do noroeste ourensán. Un modelo paradigmático de difusión da electricidade en Galicia*

Custo da publicación: (500 exemplares): 7.280 € +Envío ás bibliotecas: 500 € = 7.780€ :500 libros=15,56 unidade. Dereitos de autor:15,56 € x 50 libros= 778 €. Custo total: 7.280 € + 778€ =8.058 € : 500 = 16,11 €

Por redondear: **16 € (pvp IVE incluído)**

5-García Gracia, V. [et al.]: *Flora de la provincia de Ourense: Sierra del Burgo*

Custo da publicación: (500 exemplares): 6.188 € +Envío ás bibliotecas: 500 € = 7.188€ :500 libros=14,37 unidade. Dereitos de autor:14,37 € x 50 libros= 718,5 €. Custo total: 6.188 € + 718,5€ =6.906,5 € : 500 = 13,81 €

Por redondear: **13 € (pvp IVE incluído)**

6-Blanco Casal, A.: *O conflito de intereses no camiñunidadeo de ferro*

Custo da publicación: (500 exemplares): 3.930,16 € + Envío ás bibliotecas: 500 € = 4.430,16 € :500 libros=8,8 unidade. Dereitos de autor: 8,8 € x 50 libros= 440 €. Custo total: 4430,16 € + 440€ =5.310 €: 500 = 10,62 €

Por redondear: **12 € (pvp IVE incluído)**

7-Cid Galante, R.M.: *O ensino primario en Ourense no primeiro terzo do século XX*

Custo da publicación: (500 exemplares): 3.802,24 € + Envío ás bibliotecas: 500 € =4.302,24 € :500 libros=8,6 unidade. Dereitos de autor:8,8 € x 50 libros= 430,22 €. Custo total: 4.302,24 € + 430,22 € =4.732,46 € : 500 = 9,46 €

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

Por redondear: **10 € (pvp IVE incluído)**

8-Del Río Surribas.: *La lucha del ángel. Estudio de la convergencia literaria de José Ángel Valente y Emilio Adolfo Westphealen: Lenguaje, poesía y silencio*

Publicación impresa na imprenta provincial e que segundo a ordenanza de publicacións en función do tamaño A5 (21 x 14), que non é un tamaño estándar dos reflectidos na ordenanza terá un prezo proporcional aos de referencia do dito documento que pode estimarse nuns 12 €

Por redondear: **12 € (pvp IVE incluído)**

Coedicións coa Fundación Risco

1-Lezcano, Arturo.: *Antón Risco Mestre de mestres*

Custo total da publicación: (500 exemplares): 1,515,49 € (Deputación)+ 484,51 € (Fundación)= 2.000 € +Envío ás bibliotecas: 500 € =2.500 € :500 libros=5 € unidade.

Total: 5 € (pvp IVE incluído)

-Risco, Vicente .: *Dédalus en Compostela*

Custo total da publicación: (1.000 exemplares): 4.000 € (Deputación)+ 3.500 € (Fundación)= 7.500 € + Envío ás bibliotecas: 500 € =8.000 € :1.000 libros=8 unidade

Total: 8 € (pvp IVE incluído)

-Fernández Fernández, X: *Vicente Risco, mestre de mestres*

Custo total da publicación: (500 exemplares): 2.201,68 € (Deputación)+ 2.300 € (Fundación)= 4.501,68 €+ Envío ás bibliotecas: 500 € =5.001,68 € :500 libros=10,0033 unidade.

Total: 10 € (pvp IVE incluído)

2º.- Deste acordo daráselle conta á comisión informativa competente.

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

5.b) CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA EN MATERIA DE REALIZACIÓN DO PROTOCOLO DE AUTOCONTROL DE PISCINAS.

- Unha vez visto o convenio marco referenciado no encabezamento, elaborado pola Secretaría Xeral e o Negociado de Control de Augas do Servizo de Augas e Medio Ambiente desta Deputación, a **Xunta de Goberno**, trala unánime declaración de urxencia do asunto, por non figurar na orde do día, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aproba-lo mencionado convenio conforme coas seguintes cláusulas:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto deste convenio marco a regulación das condicións de prestación pola Deputación Provincial ás entidades locais da provincia do servizo de asistencia técnica para a realización do protocolo de autocontrol de piscinas de titularidade das entidades locais, conforme ao previsto no artigo 11.5 do Real Decreto 742 / 2013 de 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico – sanitarios das piscinas.

O presente convenio adóptase en exercicio da competencia provincial para prestar asistencia e cooperación ós concellos e demais entidades locais en materia de servizos municipais, prevista no artigo 36.1.a) e b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e da competencia municipal (xa se exerza polos concellos, xa se atope delegada nunha mancomunidade ou consorcio) para a xestión de infraestruturas deportivas de titularidade pública, conforme ao previsto no artigo 8.3 da Lei 3/2012 de 2 de abril, do deporte de Galicia.

2ª) Condicións da prestación do servizo

1. A Deputación Provincial prestará ás entidades locais adheridas ao presente convenio a asistencia técnica que resulte necesaria para a elaboración dos protocolos de autocontrol de piscinas, conforme ao establecido no Real Decreto 742/2013 e as indicacións técnicas da Consellería de Sanidade.

En particular, o servizo abranguerá as seguintes prestacións:

a) Realización dun inventario exhaustivo dos elementos que integran a instalación, identificando todos os espazos (deportivos, auxiliares, etc.,) os equipos de tratamento de auga e os medios de control.

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

b) Elaboración de plano detallado da instalación.

c) Redacción do protocolo de autocontrol da piscina, por duplicado exemplar.

En todo caso, a prestación da asistencia técnica entenderase realizada, para tódolos efectos, no momento en que se entregue o documento do protocolo ó concello ou entidade local adherida. Sen prexuízo disto, se existisen defectos emendables na dita documentación, a Deputación procederá á súa corrección sen sobrecusto ningún para a entidade local adherida ó convenio.

2. O servizo será prestado pola Deputación Provincial a través da entidade Aquaourense, Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente, SA, sociedade de capital mixto participada pola Deputación Provincial, na súa condición de concesionaria do servizo provincial de asistencia e cooperación con entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico e medio ambiente.

3. As entidades locais adheridas ó convenio designarán a unha persoa de contacto que coñeza suficientemente as instalacións, para os efectos de que acompañe ó persoal da concesionaria provincial durante a visita técnica para a toma de datos. Igualmente, o concello designará unha persoa de contacto para a resolución de calquera dúbida relativa a cuestión que deban figurar no protocolo de autocontrol.

3ª) Retribución económica

1. En contraprestación polo servizo prestado, a Deputación Provincial percibirá os seguintes prezos públicos:

- Para instalacións de vaso descuberto, de uso descontinuo e non climatizadas: 400 euros
- Para instalación de vaso cuberto, de uso continuo e climatizadas: 600 euros.
- Para modificacións de protocolos xa existentes, por modificacións de instalación ou cambio da normativa: 120 euros.

Os presos sinalados non inclúen o IVE, que se aplicará segundo a normativa fiscal vixente en cada momento.

Os prezos devindicaranse no momento da entrega do protocolo na entidade local interesada. A Deputación Provincial aprobará a oportuna liquidación unha vez devindicado o prezo público, liquidación que se notificará á entidade local interesada outorgándolle un prazo de noventa días para o seu pagamento.

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

4ª) Procedemento de adhesión ó convenio.

Para a adhesión ó convenio, as entidades locais interesadas remitirán á Deputación Provincial o acto administrativo de adhesión, adoptado polo órgano en cada caso competente conforme ó modelo que figura como anexo I. A adhesión ó convenio será eficaz a partir do día seguinte ó da data de entrada do documento de adhesión no Rexistro Xeral da Deputación.

5ª) Comisión de seguimento:

Establécese unha comisión de seguimento do convenio con cada entidade asinante, que estará integrada polo xefe do Servizo de Augas e Medio Ambiente e un representante designado pola entidade local interesada. Actuará como secretario da comisión o secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa, coas funcións propias dun secretario de órgano colexiado conforme ó establecido no Título II da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A comisión de seguimento reunirse a pedimento de calquera das partes integrantes, e as súas funcións serán as de seguimento da aplicación do convenio, interpretación e resolución de incidencias. No caso de non acadarse un acordo no seo da comisión, a Deputación Provincial resolverá unilateralmente e con carácter executivo o que proceda, sen prexuízo da posibilidade de impugnación deste acto administrativo pola entidade local interesada conforme ó sistema de recursos vixente no noso ordenamento xurídico.

6ª) Vixencia:

O presente convenio marco manterase aberto á adhesión das entidades locais interesadas con carácter indefinido, a partir do 1 de xaneiro de 2015 e ata a súa supresión ou substitución por un novo convenio aprobado por acordo da Deputación Provincial.

7ª) Extinción do convenio:

O presente convenio extinguirase, para cada entidade local adherida, pola execución das prestacións que constitúen o seu obxecto ou por denuncia unilateral dunha das partes por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Neste último caso, a entidade interesada comunicará, cunha antelación mínima dun mes á súa data de efectividade, a súa decisión de resolve-lo convenio, que será executiva sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación pola outra parte.

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

A liquidación dos convenios resoltos anticipadamente corresponderá, en todo caso, á Deputación Provincial, mediante resolución da Presidencia adoptada trala audiencia previa da outra parte. Esta resolución será executiva, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación conforme ó sistema de recursos legalmente aplicable.

Nos supostos de resolución unilateral anticipada do convenio por causa non imputable á Deputación, a liquidación incluírá unha relación dos gastos sufridos pola Deputación, debidamente xustificados no expediente. No caso de que non se devindicasen os prezos públicos, a Deputación aprobará unha liquidación polo importe dos gastos efectivamente realizados ata a data da comunicación da resolución do convenio.

8ª) Natureza e réxime xurídico:

O presente convenio terá natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción.

Anexo I: Modelo da parte dispositiva da resolución ou acordo de adhesión ó convenio marco de colaboración para prestación pola Deputación Provincial ás entidades locais da provincia do servizo de asistencia técnica en materia de realización do protocolo de autocontrol de piscinas.

Aproba-la adhesión do Concello de... / Mancomunidade de... / Consorcio de.../ Entidade Local Menor de ... ó convenio marco de colaboración coa Deputación Provincial de Ourense para a prestación do servizo de asistencia técnica en materia de realización do protocolo de autocontrol de piscinas, de conformidade co clausulado aprobado pola Deputación Provincial de Ourense, asumindo as obrigas e compromisos que se recollen no dito convenio, solicitando a realización/ modificación (suprímase o que non proceda) do protocolo das seguintes piscinas de titularidade desta entidade local: (relaciónense as instalacións para as que se pide a elaboración ou modificación do protocolo).

2º.- Remitírlle-lo dito convenio ás entidades locais da provincia, para os efectos de que poidan proceder á súa adhesión e ordena-la súa publicación no BOP para xeral coñecemento.

5.c.- EXTINCIÓN DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA LIMPEZA DE DEPÓSITOS DE AUGA DE ABASTECEMENTOS DURANTE OS EXERCICIOS 2012 E SEGUINTE.**-** A Presidencia anuncia a retirada de esta moción co fin de que se estude con maior detalle este asunto.

5.d).- CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A EXPLOTACIÓN DE ESTACIÓNS DE TRATAMENTO DE AUGA POTABLE DURANTE OS EXERCICIOS 2015 E SEGUINTE.**-** Unha vez visto o convenio marco referenciado no encabezamento, elaborado pola Secretaría Xeral e o Negociado de Control de Augas do Servizo de Augas e Medio Ambiente desta Deputación, a **Xunta de Goberno**, trala unánime declaración de urxencia do asunto, por non figurar na orde do día, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aproba-lo convenio marco de colaboración coas entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica para a explotación de estacións de tratamento de auga potable durante os exercicios 2015 e seguintes, conforme coas seguintes cláusulas:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto deste convenio marco a regulación das condicións de prestación pola Deputación Provincial ás entidades locais da provincia do servizo de asistencia técnica para a explotación de estacións de tratamento de auga potable.

O presente convenio adóptase en exercicio da competencia provincial para prestar asistencia e cooperación ós concellos e demais entidades locais en materia de servizos municipais, prevista no artigo 36.1.a) e b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e da competencia municipal (xa se exerza polos concellos, xa se atope delegada nunha mancomunidade ou outro tipo de entidade local) para a ordenación e xestión do servizo de abastecemento de auga potable, configurado como servizo mínimo obrigatorio polo artigo 26 da mesma lei básica de réxime local.

2ª) Condicións da prestación do servizo

1. A Deputación Provincial prestaralles ás entidades locais adheridas ó presente convenio o servizo de asistencia técnica para a explotación das estacións de tratamento de

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

auga potable situadas no ámbito territorial da entidade local, comprendendo as seguintes prestacións:

a) Realización dun inventario exhaustivo dos elementos e características técnicas da estación.

b) Realización dun plan de mantemento preventivo e de control de datos, definindo o listado de tarefas que deberá realiza-lo persoal da entidade local encargado da explotación.

c) Realización dun control técnico periódico da ETAP: consistirá nunha, dúas ou catro visitas mensuais da estación por persoal técnico especializado, na que se realizará a toma de datos dos equipos (hora de funcionamento, comprobación do estado, consumos eléctricos...) entrega dos partes de control de mantemento e datos e recollida dos partes do mes anterior, análise de parámetros in situ (turbidez, condutividade, cor e pH) realización do check-list do estado xeral da planta (calidade da auga tratada, control de reactivos, equipos avariados...) control da dosificación de reactivos de proceso, realización de determinacións analíticas in situ que permitan verifica-la eficacia do tratamento, realización de orzamentos de reparación de equipos avariados e realización de propostas de mellora orientadas á redución de custos enerxéticos, de mantemento ou de calidade da auga.

O número de visitas técnicas dependerá da complexidade e das necesidades da estación. En todo caso, a opción por un determinado número de visitas será realizada polas entidades locais interesadas no acordo de adhesión ao convenio marco.

d) Realización dun informe trimestral no que se recollan os datos analíticos de funcionamento da potabilizadora e as incidencias do trimestre.

e) Realización dunha avaliación previa ás visitas de inspección da ETAP por parte da autoridade sanitaria, elaborando un informe dos aspectos que se é o caso deban ser corrixidos ou mellorados para o cumprimento rigoroso dos criterios establecidos pola autoridade sanitaria.

f) Asistencia dun técnico especializado nas visitas periódicas realizadas pola Consellería de Sanidade ás infraestruturas de abastecemento.

g) Realización dunha avaliación inicial de riscos laborais dos traballadores da planta, na que se detallarán os aspectos potenciais de risco indicándose as accións correctoras para realizar, co seu custo e prazo de execución.

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

h) Formación dos traballadores encargados da explotación da planta naquelas cuestións de importancia que poidan afectar ó normal funcionamento da depuradora, tales como prevención de riscos laborais, traballos en espazos confinados e sistemas de tratamento de auga potable.

2. Cando así se solicite polas entidades locais adheridas, a Deputación poderá prestar ó abeiro do presente convenio os servizos de reparación ou mellora das instalacións, conforme ós orzamentos elaborados e aceptados pola entidade local en cada caso.

3. O servizo será prestado pola Deputación Provincial por medios propios ou a través da entidade Aquaourense, Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente, SA, sociedade de capital mixto participada pola Deputación Provincial, na súa condición de concesionaria do servizo provincial de asistencia e cooperación con entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico e medio ambiente, ou outra entidade que a poida substituír no futuro.

O servizo prestarase a partir da adhesión das entidades interesadas ó convenio, nun prazo máximo de quince días naturais dende a comunicación da adhesión.

3ª) Retribución económica

1. En contraprestación polos servizos recollidos na cláusula 2ª apartado 1, a Deputación Provincial percibirá un prezo público anual por cada ETAP que sexa obxecto de asistencia técnica, que será o resultado de aplicar as seguintes tarifas:

- a) Tarifa fixa por ETAP: 1.250 euros anuais.
- b) Tarifa variable segundo o número de visitas mensuais:
 - 1 visita / mes : 2.100 euros anuais
 - 2 visitas / mes: 3.360 euros anuais
 - 3 visitas / mes: 6.300 euros anuais
 - 4 visitas / mes: 8.400 euros anuais.

A estes prezos se lles aplicará o IVE correspondente.

2. A realización das reparacións ou melloras das instalacións propostas como consecuencia das inspeccións realizadas, no caso de ser solicitadas pola entidade local interesada, facturárase aparte conforme ós orzamentos aceptados en cada caso pola entidade local.

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

3. A liquidación dos servizos recollidos na cláusula 2ª, apartado 1, será aprobada pola Deputación con carácter anual, dispoñendo as entidades locais adheridas dun prazo de noventa días naturais, contados a partir da recepción da notificación da liquidación, para proceder ó seu pago. Non obstante, a pedimento das entidades locais interesadas e de común acordo con elas, poderán establecerse períodos de liquidación inferiores ó anual.

4. No suposto de prestación de servizos por períodos inferiores a un ano, o prezo anual reducirase proporcionalmente ó tempo de servizos efectivamente prestados.

5. A liquidación das reparacións ou melloras realizadas realizarase unha vez rematadas estas, dispoñendo as entidades locais de idéntico prazo de noventa días naturais para o seu pago.

6. Unha vez transcorridos os prazos de pago en período voluntario dos prezos liquidados, a Deputación Provincial poderá exercer cantas accións administrativas e xudiciais lle competan para o cobro dos prezos, incluíndo a posibilidade de compensala débeda contra calquera crédito de que dispoña a entidade local fronte á facenda provincial.

4ª) Procedemento de adhesión ó convenio

1. As entidades locais que desexen adherirse ó presente convenio deberán remitirle á Deputación Provincial o acto administrativo de adhesión, adoptado polo órgano en cada caso competente conforme co modelo que figura como anexo I. A adhesión ó convenio será eficaz dende o primeiro día hábil do mes seguinte á data de entrada do documento de adhesión no Rexistro Xeral da Deputación.

No acordo de adhesión, as entidades locais interesadas indicarán o número de visutas mensuais que desexan se realicen.

2. As entidades locais adheridas ó convenio marco co mesmo obxecto para o exercicio 2012 e seguintes non precisarán adoptar ningún acordo expreso de adhesión, entendéndose que se adhíren automaticamente ata que non manifesten de xeito expreso o contrario. Esta adhesión automática enténdese realizada para o réxime dunha visita mensual, réxime que poderá modificarse en calquera momento a pedimento da entidade interesada, con efectos do mes seguinte a aquel no que teña lugar a petición.

5ª) Comisión de seguimento:

Establécese unha comisión de seguimento do convenio con cada entidade asinante, que estará integrada polo xefe do Servizo de Augas e Medio Ambiente e un representante

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

designado pola entidade local interesada. Actuará como secretario da comisión o secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa, coas funcións propias dun secretario de órgano colexiado conforme co establecido no Título II da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A comisión de seguimento reunirase a pedimento de calquera das partes integrantes, e as súas funcións serán as de seguimento da aplicación do convenio, interpretación e resolución de incidencias. No caso de non acadarse un acordo no seo da comisión, a Deputación Provincial resolverá unilateralmente e con carácter executivo o que proceda, sen prexuízo da posibilidade de impugnación deste acto administrativo pola entidade local interesada conforme co sistema de recursos vixente no noso ordenamento xurídico.

6ª) Vixencia:

O presente convenio producirá efectos para dada entidade local desde o primeiro día hábil do mes seguinte á data de presentación do documento de adhesión ante a Deputación Provincial, con carácter indefinido ata que a súa extinción por calquera das causas previstas na cláusula 7ª ou ata a súa substitución por u novo convenio.

7ª) Extinción do convenio:

1. O presente convenio poderá ser resolto polas seguintes causas:

a) Por denuncia unilateral das entidades locais adheridas, en calquera momento e sen necesidade de alegar ningunha causa xustificante. A extinción terá eficacia a partir do primeiro día hábil do mes seguinte ó da data de recepción da comunicación no Rexistro de entrada de documentos da Deputación Provincial.

b) Por decisión unilateral da Deputación Provincial, en caso de incumprimento de obrigas esenciais polas entidades locais adheridas. Neste caso, a Deputación dará audiencia previa á entidade local afectada, antes de adoptar a decisión, que comunicará cunha antelación mínima dun mes á súa data de efectividade e a cal será executiva sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación pola outra parte.

c) Por decisión unilateral da Deputación, en caso de supresión do servizo de asistencia técnica que constitúe o seu obxecto. Neste caso, a eficacia da resolución referirase sempre ó primeiro día hábil do ano seguinte a aquel en que se comunique, e deberá en todo caso ser comunicada pola Deputación ás entidades adheridas cunha antelación mínima de seis meses.

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

2. A Deputación poderá igualmente substituír o presente convenio marco por outro diferente, cuxa aprobación determinará a automática extinción do vixente.

3. A liquidación dos convenios resoltos anticipadamente corresponderá, en todo caso, á Deputación Provincial, mediante resolución da Presidencia adoptada trala audiencia previa da outra parte. Esta resolución será executiva, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación conforme co sistema de recursos legalmente aplicable.

8ª) Natureza e réxime xurídico:

O presente convenio terá natureza administrativa, correspondendo á xurisdición contencioso administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción.

9ª) Extinción do convenio marco para o exercicio 2012 e seguintes.

Coa entrada en vigor do presente convenio marco, declárase extinguido con efectos do 31 de decembro de 2014 o anterior convenio marco, co mesmo obxecto, para os exercicios 2012 e seguintes

Os servizos prestados ás entidades locais adheridas ó convenio marco para o exercicio 2012 e seguintes , liquidaranse conforme ós prezos públicos establecidos no anterior convenio.

Anexo I: Modelo da parte dispositiva da resolución ou acordo de adhesión ó convenio marco de colaboración para a prestación de asistencia técnica para a explotación de estacións de tratamento de auga potable nos exercicios 2015 e seguintes.

Aproba-la adhesión do Concello de... / Mancomunidade de... ó convenio marco de colaboración coa Deputación Provincial de Ourense para a prestación de asistencia técnica para a explotación de estacións de tratamento de auga potable nos exercicios 2012 e seguintes, de conformidade co clausulado aprobado pola Deputación Provincial de Ourense, asumindo as obrigas e compromisos que se recollen no dito convenio.

A prestación do servizo á que se refire o presente acordo de adhesión referirase ás seguintes ETAP's de titularidade desta entidade local:

Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 29 de decembro de 2014

(Relaciónense as ETAP's incluídas no convenio, especificando o núcleo ou núcleos de poboación ós que prestan servizo)

O número de visitas mensuais a realizar a cada ETAP será o seguinte:

(Indíquese o número de visitas mensuais – 1, 2, 3 ou 4 – que se desexan para cada ETAP incluída no convenio).

2º.- Remitírlle-lo dito convenio ás entidades locais da provincia, para os efectos de que procedan á súa adhesión e ordena-la súa publicación no BOP para xeral coñecemento.

6.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non houbo.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e trinta minutos, do referenciado día vinte e nove de decembro do ano dous mil catorce, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,